

# MARGE SIMPSON

- Marjorie “Marge” Simpson é unha das personaxes ficticios da serie “Os Simpsons”, e a súa voz foi creada por Julie Kavner. É a paciente e benintencionada esposa de Homer Simpson. O seu trazo físico máis notable é o seu cabelo azul, peiteado para arriba.
- Marge foi nomeada así pola nai do creador, Matt Groening, Margaret “Marge” Groening, e o personaxe está lixeiramente baseado nela. De moitos xeitos, Marge Simpson representa o estereotipo de ama de casa dos suburbios dos anos 50.






- Unha das características máis representativas de Marge é a súa extrema tolerancia das accións de Homer e, en menor medida, das de Bart. A pesar das innumerables traizóns de Homer á súa confianza, ela sempre se mantén ó seu carón sen importar o desesperada ou irreparable que sexa a situación.




- Marge afirmou nunha ocasión que ela pasaba 23 horas do día na casa. Pasa a meirande parte deste tempo realizando tarefas domésticas, ocupándose de Maggie, axudando a Lisa, disciplinando a Bart e a miúdo reparando as loucuras de Homer.



- Na súa adolescencia, Marge tiña o pelo liso e levábao solto, pero cambiou de peiteado para o baile de graduación no capítulo “Como eramos antes”. No episodio de Shary Bobbins o cabelo chégalle ata os xeonllos, o que é preciso para armar o peiteado alto que tivo despois.
- Marge confesou que o seu cabelo en realidade non é azul, senón gris. Homer revelou no capítulo “Os segredos dun matrimonio exitoso” que Marge tingue o pelo con tintura azul. Sen embargo, no episodio “Medo a voar” aparece co cabelo azul xa dende nena.



# PERSONALIDADE DE MARGE SIMPSON



- A imaxe de Marge é a da típica nai modelo que é inocente e crédula.
- Aínda que ten valores morais máis altos cá maioría dos personaxes, Marge tivo os seus momentos de descontrol ó longo das historias da serie.
- Foi oficial de policía de Springfield, tivo que asistir a terapia para controlar a súa ira na estrada, foi encadeada por roubar nun supermercado, foi adicta ó xogo, mostrou tendencias alcohólicas, fuxiu da policía, tivo unha sobredose de esteroides, fixo trampa nun concurso de cociña e sufriu amnesia.




- Marge posúe unha sorprendente forza de vontade.
- En “A ledicia da secta” foxe do lavado cerebral dunha secta.
- Ela é o único membro da familia que promove activamente a asistencia á igrexa.
- Tamén ten unha importante habelencia atlética en momentos de perigo inminente.
- É bilingüe, fala francés con moita facilidade.

- Politicamente, Marge é polo xeral do partido demócrata. Unha vez menciona que votou a Jimmy Carter e apoiou a candidatura da gobernadora progresista dun estado, Mary Bailaey; tamén declarou que se deprimira coa morte de Lyndon Johnson.



- Marge é unha pintora con talento.
- Na súa adolescencia namorouse de Ringo Starr e pintou moitos cadros del. Tamén lle escribiu unha carta, pero recibiu a resposta vintecinco anos despois.
- Isto inspirouna a inscribirse nun concurso de arte. O seu cadro de Homer durmindo no sofá gañou o concurso. Xa que logo, o señor Burns contrátala para que lle faga un retrato e Marge gaña con isto o aprecio do vello.





- **Marge tamén é unha grande cociñeira. Nunha ocasión comezou un negocio que saíu adiante grazas á mafia. Entrou en varios concursos de cociña, aínda que circunstancias como competidores vingativos e fornos sobrequecidos fixeron que perdera e, nunha ocasión, que fixera trampa.**
- **No episodio “Todo é xusto na guerra dos fornos”, Marge revela que consegue alimentar á súa familia con doce dólares por semana. En xeral, é considerada unha gran cociñeira, especialmente polas súas costelas de porco.**